

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día 20 de agosto de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia das ilustrísimas señoras concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como concelleira secretaria, dona Ana María González Abelleira, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

1. EDUCACIÓN.- Aprobouse o proxecto de modificación do Regulamento do Consello Escolar Municipal.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. PERSOAL.- Aprobouse a prórroga da comisión de servizos dun policía municipal.

3. INTERVENCIÓN.- Aprobouse a modificación da base 24 de execución do orzamento xeral de 2025 en relación con subvencións nominativas da Área de Participación Cidadá.

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación da subministración dun camión cesta grúa elevadora de 18 metros para Servizos Eléctricos de Medio Rural. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de adxudicación (Exp. Ref. 2025/C004/000027).

- Aprobouse a contratación do servizo de soporte e mantemento da plataforma de E-Admon para os compoñentes TeCOL (tramitador de expedientes) e SeCOL (sede electrónica). Exp. Ref. 2023/C003/000019. Primeira prórroga dende o 1 de setembro de 2025 ao 31 de agosto de 2026.

- Aprobouse a contratación da execución do programa pedagóxico de apoio á conciliación "Aprende Xogando" do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade-Servizo de Igualdade). Exp. Ref. 2025/C003/000034. Adxudicación.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac4824690238016921547.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-8-2025

- Aprobouse a contratación da obra de Reurbanización do carril das Flores. Modificación da cláusula sexta -clasificación do contratista- do prego de cláusulas administrativas e ampliación do prazo de presentación de ofertas. Exp. Ref. 2025/C002/000018.

Asinado dixitalmente pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial e segunda suplente do concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, dona Ana María González Abelleira.